

FANTABULOSO
CINE
— AMBULANTE —
 DOS IRMÃOS
LUMIEIRA

UNHA EXPERIENCIA DE CINE COMO NUNCA VIVICHES!

A MAXIA DOS PRECURSORES,
A SURPRESA E A INOCENCIA
DOS PRIMEIROS ANOS DO
CINEMATÓGRAFO

A AUTENTICIDADE
DA PELÍCULA CINEMATOGRAFICA.
FOTOGRAMA A FOTOGRAMA

MÚSICA EN **DIRECTO**

 **HUMOR**

Poden imaxinar a sorpresa e a inocencia coa que o público dos irmáns Lumière gozou das primeiras imaxes do cinematógrafo?

Esa mesma experiencia primixenia é a que lle ofrece ao público O Fantabuloso Cine Ambulante dos Irmáns Lumieira, e faino a través de tres elementos que fan das súas proxeccións un

ESPECTÁCULO REALMENTE ÚNICO:

1) A maxia da proxección autenticamente cinematográfica: para iso empregamos nas nosas proxeccións, e como parte esencial do espectáculo, auténticos proxectores de 16 mm que permiten unha experiencia de grande autenticidade e calidade. A proxección realízase desde o patio de butacas e o irmán Lumieira proxeccionista converte a sala nunha parte esencial do espazo escénico.

2) A proxección de auténticas copias orixinais en 16 mm: os Lumieira poñen a disposición d@s programador@s sesións diferenciadas, adaptables a públicos específicos e para todas as idades. A fragilidade destas copias e o seu valor de pezas de coleccionista fan que cada proxección sexa unha experiencia realmente única e distinta das outras.

3) O goce das proxeccións co acompañamento musical interpretado en directo e o humor dos Irmáns Lumieira. A musicalización dos filmes vai a camiño entre o ragtime, a improvisación transcendental e a comicidade explícita dos efectos sonoros.

Pero ademais, Os Irmáns Lumieira recollen a tradición do cabaret poñendo en escena o humor e a interacción do público a través da presentación de filmacións propias, exemplares únicos especificamente filmados en 16 mm para o espectáculo.

PASEN E VEXAN, — OS IRMÁNS — **LUMIEIRA** TRANSPORTAN NOS SEUS CAIXÓNS **TESOUROS ÚNICOS**

POLOS QUE PASAN CÓMICOS COMO

CHARLIE CHAPLIN.

BUSTER KEATON.

HAROLD LLOYD.

PRESTIDIXITADORES COMO

GEORGE MELIÉS.

SEGUNDO DE CHOMON

— ✦ — NON PODEN PERDER

os asombrosos e desconcertantes experimentos filmados por OS IRMÁNS **LUMIEIRA** en película cinematográfica de 16 mm!

PATROCINADOR OFICIAL DO FANTABULOSO CINE AMBULANTE DOS IRMÁNS LUMIEIRA

Vista cansa? Problemas dixestivos?
Sequidade na pel? Hemorroides? Incontinencia?...


PARA TODOS OS MALES QUE POIDAN IMAXINAR

— ✦ — **XA HAI SOLUCIÓN!!!** — ✦ —

UNGÜENTO CHINO DO DOUTOR DONG

Rea en Construción n.º 1, Betanzos

Rea en Construción n.º 62, Carballo





O IRMÁN MAIOR

nace en 1871, durante a Comuna de París. É fillo dunha lavadeira de Belleville e dun emigrante galego, Luís Lumieira Loureiro, natural de Corcubión. Ademais de ser o primoxénito, o Irmán Grande é o máis guapo dos irmáns Lumieira e xa nace coa súa característica barba. Amigo da tertulias e do *savoir vivre*, emprende proxectos empresariais sublimes, coma o telégrafo móbil, que incomprensiblemente fracasan dadas as pechadas mentes do seu tempo.



O IRMÁN MEDIANO

O segundo fillo de Luís Lumieira nace aos dous anos de desterro do seu pai en Nova Caledonia. Sendo un adolescente, entra como aprendiz na fábrica dos Irmáns Lumière en Lyon e alí coñece os segredos do cinematógrafo, invento polo que se apaixona. En 1915 acepta unha oferta para instalar a nova óptica do Faro de Fisterra, circunstancia que salva á familia dunha difícil situación económica.



O IRMÁN PEQUENO

Ve a luz durante os 6 anos que Luís Lumieira está desterrado. O máis gordo, xesticulante e falangueiro dos tres irmáns Lumieira decide abandonar a casa natal aos 15 anos. Desde entón pouco se sabe del, agás que se converteu nun dos pianistas máis virtuosos dos cabarés parisiños e que viviu un apaixonado romance cunha princesa rusa que o deixou na delgadez de hoxe. Foi, ademais, un grandísimo bebedor de absenta e disque dunha desconcertante noite de borracheira xunto a Lautrec, acordou sen volver dicir palabra.

COLLAN OS SEUS BILLETES E PASEN ADENTRO, TOMEN ASENTO E ABRAN OS OLLOS!

BENVIDOS AO CINE

COMO NUNCA ANTES O TEÑEN VISTO

Poden imaxinar un cine ambulante capaz de tomar o seu espazo cultural, auditorio, teatro, café, praza, garaxe, alpendre, ferreiría ou calquera outro lugar imaxinable e convertelo nun auténtico cine no que gozar dunha experiencia única como hai máis de 100 anos que non se coñece?


Sentiron algunha vez a emoción de ver os

GRANDES CLÁSICOS

da era do cine mudo pasar por diante da lámpada de proxección en auténtica película cinematográfica entre os rodillos dentados dun proxector con máis de 50 anos de funcionamento?

ESTÁN DISPOSTOS a coñecer de primeira man o universo hilarante de tres irmáns que emulan a maxia e a paixón dos primeiros tolos do

CINEMATÓGRAFO?



FICHA TÉCNICA

En escena:

Suso Alonso, Tomás Lijó e Carlos Meixide

Na dirección:

Víctor Mosqueira

No piano:

Suso Alonso

Vestuario e caracterización:

Víctor Mosqueira

Escenografía:

Natasha Lelenco

Atrezzo:

Pepe Penabade

Imaxe gráfica:

Natasha Lelenco

CINEMATOGRAFÍA

Dirección e Montaxe:

Tomás Lijó

Fotografía e cámara:

Alberto Díaz 'Bertitxi'

Laboratorio:

Super8 Reversal Lab

Produción:

Tomás Lijó e Ana Triñanes

Distribución:

Ana Triñanes

CONTACTO:

osirmanslumieira@gmail.com

678 034 593